

Dossier informativo

Campamento

Academia de Exploradores/as



Lista de contidos

Datos básicos do campamento *Academia de Exploradores/as*

- Cando é o campamento? Datas e horario
- Onde é o campamento? Lugar, como chegar e mapa
- Que teño que entregar? Fichas de participante
- Que teño que levar? Facendo a mochila
- A onde podo chamar durante o campamento? Teléfonos de contacto

Actividades, metodoloxía educativa e un pouco de nós

- Que nos gustaría conseguir? Obxectivos educativos
- Que imos facer? Actividades
- Cal é o noso xeito de facer? Metodoloxía educativa
- Que son os “adultos pequechos” que levarán as actividades? Os e as scouts
- Como sacamos esta iniciativa adiante? A Iniciativa Xove da Xunta de Galicia, o Grupo Promotor “Promotores escultismo Auriense”, o proxecto “Agromando un grupo scout en Ourense” e o Grupo Scout Ilex

Datos básicos do campamento *Academia de Exploradores/as*

Cando é o campamento? Datas e horario

Datas

O campamento terá lugar os días 10 e 11 de outubro.

Horario

Hora de saída: ás **9:30** horas temos que estar no punto sae o bus, que será no intercambiador de buses que hai detrás do IES das Lagoas, un pouco por debaixo das zona universitaria. Por favor, sede puntuais para que poidamos facer toda a operación de saída (comprobación de datos, carga do bus, etc.)



Hora de chegada a Ourense está prevista ás **19:15** horas da tarde do día 11 no mesmo punto. Por favor, non vos demoredes na recollida e se fora así, por favor avisádenos con toda a antelación posible.

Onde é o campamento? Lugar, como chegar e mapa

Lugar

O campamento terá lugar na finca do albergue de Vilar de Ordellas, propiedade do Concello de Esgos que nos cedeu para esta acampada. O aloxamento será en tendas de campaña, aínda que faremos uso do albergue se a situación meteorolóxica o require.

Que teño que entregar? Fichas de participante

Para poder inscribir ao teu fillo/a no campamento, tes cubrir o formulario de preinscrición e, despois, achegar a seguinte documentación:

- Autorización de participación, na que inscribes e autorizas ao teu fillo/a a participar no campamento, que inclúe tamén a autorización sobre os dereitos de imaxe, para que poidamos facer fotos durante o campamento, colgalas nas nosas web, difundir as actividades e xustificar a subvención recibida por parte da Xunta de Galicia.
- Ficha médica, na que describes calquera requirimento na dieta ou particularidade médica que debamos ter en conta.

E preciso que nos entregues con anterioridade esta documentación antes do inicio do campamento, por exemplo na reunión informativa da que vos falaremos despois.

Aínda que dispomos dun seguro de accidentes e responsabilidade civil os rapaces e rapazas deben de traer consigo a súa tarxeta sanitaria (esto non o hai que traer antes).

Que teño que levar? Facendo a mochila

- Roupas para os dous días de campamento. Non hai que esquecerse da roupa de abrigo, na noite pode refrescar. Traede mudas abondo, especialmente roupa interior para o caso de que se molle.
- Calzado cómodo e impermeable.
- Chuvasqueiro, por se chove.
- Protector solar e gorra, por se fai sol.
- Útiles de aseo e toalla.
- Saco de durmir.
- Esteira.



- Lanterna.
- Cantimplora.
- Se tes, un prato e un vaso de metal e plástico, e tamén cubertos. Cada participante se responsabilizará e se encargará de gardar de manter limpos os seus cubertos, prato e vaso.
- A comida e a merenda do primeiro día. Nos campamentos scouts, o primeiro día soe ser o día no que se montan as tendas, as construcións... Os e as scouters (monitores/as) están a tope axudando nestas tarefas! Traendo a comida de casa para o primeiro día, aforrámoslles esta tarefa. A cocina comeza a funcionar para a noite do sábado e o resto do domingo (almorzo, xantar e merenda)
- tarxeta sanitaria orixinal
- medicación (se usa). Por favor, neste caso informe aos monitores/as.

A onde podo chamar durante o campamento? Teléfonos de contacto

Se tes calquera dúbida antes de que comece o campamento, escríbenos a: gruposcoutilex@gmail.com

No campamento, **non está permitido o uso de teléfonos móbiles**. Con todo, algúns adlts estaremos pendentes do teléfono por si necesitádes contactar con nós e, por suposto, poríámonos en conta con vós, nos teléfonos que nos proporcionastes na preinscrición, no caso de que fose necesario.

Durante o campamento, pero so se fose necesario, podeades chamar a:

- Luis Penín, coordinador do campamento e da sección de Tropa: 661 194 110
- Akela, coordinador da sección de Manada: 639 404 857
- Xulio López, coordinador do Grupo Scout Ilex: 649 752 351

Como podo saber máis? Reunión informativa

Mércores 7 ás 20:00 h. no Espazo Xove (Casa da Xuventude), na rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, realizaremos unha reunión informativa para os pais, nais e titores/as legais que queirades asistir, para contarvos como vai ser o campamento e sobre as características do noso xeito de traballar, así tamén teremos oportunidade de contestar directamente

calquera dúbida que poidades ter. Estamos pendentes de que a administración do Espazo Xove nos confirme a dispoñibilidade do espazo, pero no caso de que nos viramos obrigados a cambio avisaríamovos coa maior antelación posible co novo emprazamento.

Actividades, metodoloxía educativa e un pouquiño de nós

Que nos gustaría conseguir? Obxectivos educativos

- Presentar aos nenos e nenas o divertido e apaixonante que ser scout, dando a coñecer o xeito no que traballamos e algunhas das nosas características e valores, confiando en que se contaxien do noso entusiasmo e queiran seguir na senda scout.
- Contribuír a asentarmos valores de convivencia e respecto e a responsabilizarse das súas cousas e gañar un pouco de autonomía.

Que imos facer? Actividades

O campamento comezará as 10:30, faremos uns xogos de presentación e, despois, aprenderemos a montar as tendas de campaña. Logo faremos un xogo todo o grupo e, ás dúas, comeremos. Despois do xantar... comezará a exploración! A sección de Tropa (e explicaremos que é isto das seccións no seguinte apartado) fará unha ruta pola zona e, a de Manda, un rastrexo pequeno, seguindo indicacións e probas para atopar o camiño. A Tropa merendará en ruta e, a Manda, acabaremos a tarde xogando. Ás nove cenaremos, prenderemos o típico lume de campamento e aprenderemos a facer bolos preñados, cantaremos ao redor do lume. Ás doce rematará á xornada: ás tendas a durmir!

Levantarémonos o domingo ás 8:30 e ás 9:00 almorzaremos. Despois de almorzar lavaremos os nosos cubertos e cuncas e, ás dez, faremos unha pequena actividade para movernos e comezar o día. Nada máis rematar, a Manda irá “na busca dos Vello Lobos” e, despois, faremos unha dinámica tranquila para potenciar o ambiente cooperativo do grupo. Pola súa parte, a Tropa aprenderá cousas fundamentais do mundo da exploración, como facer nós para unhas construcións básicas e sinxelas ou técnicas de orientación. Xantaremos de novo ás dúas, recolleremos as tendas e xogaremos unha última vez. Ás seis merendaremos e colleremos o autobús, para estar ás sete de volta en Ourense.

Todo baixo o prisma da aventura, pero sempre con seguridade, e por suposto sempre, sempre con moita diversión. Iso si, nos scouts todos sempre somos responsables e colaboramos nas tarefas do campamento, así que haberá que montar a nosa tenda de campaña, fregar a nosa louza e limpar as instalacións que usamos.

Por suposto, se a nosa equipa de monitores o estima por calquera circunstancia, como por exemplo se o tempo non fose apropiado, variará a programación para adaptarse a situación.

Cal é o noso xeito de facer? Metodoloxía educativa

No movemento scout, creemos que a educación o é fundamental e por iso baseamos nela o noso traballo a prol dun mundo mellor, máis xusto e solidario, onde o coidado do medio ambiente, o respecto aos dereitos humanos e o entendemento entre as persoas e os pobos sexa unha realidade. O obxectivo de base do escultismo é axudar a crear un mundo mellor onde as persoas poidan desenvolverse como individuos e xogar un papel construtivo na sociedade.

O noso método educativo baséase en:

- Educación en valores. O rapaz ou rapaza establece libremente un compromiso persoal ante os seus compañeiros e compañeiras, asumindo unha responsabilidade: social, persoal, ética.
- Aprender facendo. A educación pola acción. A aprendizaxe faise a través da observación, a experimentación e a actividade persoal, permitindo aos participantes realizar accións por si mesmos e adquirir experiencias persoais. Ponse en práctica a educación pola acción mediante a aplicación da metodoloxía do proxecto: educación activa e emprego do xogo como oportunidade óptima de experimentar, aventurar, imaxinar, soñar, proxectar, crear e recrear a realidade.
- A vida en pequenos grupos. O pequeno grupo socializa, identifica aos seus membros cos obxectivos das actividades e permite afondar no coñecemento mutuo. Todo iso posibilita a participación, a aprendizaxe e a asunción de responsabilidades. Así se crea un espazo educativo e de confianza nun mesmo privilexiado para crecer e desenvolverse.

- Coa axuda de adultos. A presenza dun adulto capacitado, que se incorpore á vida do equipo propondo, revelando e axudando a descubrir, facilita o diálogo e a cooperación, invitando ao grupo a producir o mellor de si mesmo.
- A asunción de responsabilidades. A vivencia da participación en diversas actividades, asumindo responsabilidades consigo mesmo e co grupo, axuda ao establecemento dun compromiso persoal libremente aceptado, no que se basea o éxito do equipo.
- A formación autoxestionada. O mozo participa no seu propio proceso de desenvolvemento, formando parte activa das diferentes etapas nas que se determina o Programa Educativo Scout.
- Uns programas progresivos e atraentes. A presentación de técnicas atraentes que se aprenden executándoas, permite estimular o desenvolvemento das aptitudes, motivar unha futura vocación e colaborar na formación da persoa, achegando a seguridade que implica o manexo dunha destreza.
- A variedade e os centros de interese. A través deles, os mozos relaciónanse co mundo, descubren as súas capacidades e as dos demais, o valor da cooperación e o espírito de equipo, descubriendo dun modo alegre o que xuntos poden facer.
- O contacto coa natureza: O descubrimento da natureza estimula a creatividade, crea vínculos entre os membros do grupo, favorece a comprensión da vida en sociedade e permite valorar a vida sinxela e os ritmos naturais.

Á hora de traballar cos rapaces e rapazas, facémolo en seccións, que cambian en función da súa idade. Así, no Grupo Scout Ilex traballamos con dúas seccións, Manda (de 8 a 11 anos) e Tropa (de 11 a 13 anos).

Manda (de 8 a 11 anos)

Rapaces/as nacidos/as entre os anos 2007-2005, inclusive.

Na Manda xogamos a ser os lobatos e lobatas amigos/as de Mowgli do “O libro da selva”; mentres os nosos Vello Lobos como Akela, Baloo, ou Bagheera, son os adultos que sempre andan pendentes de que o pasemos ben e aprendamos cousas novas. Gústannos moito as

manualidades, as actividades na natureza, as buscas do tesouro, bailar e xogar... e todo aquilo que se nos ocorra para divertirnos e pasalo moi ben cos nosos amigos a amigas.

Tropa (de 11 a 13 anos)

Rapaces/as nacidos/as nos anos 2003 e 2004, inclusive.

Preparámonos como exploradores, aprendendo a orientarnos con mapa e compás; a adestrarnos en facer nós para construír cabanas e vivacs con troncos e ramas, a utilizar o código morse para comunicarnos ao lonxe, a facer lume de xeito seguro e cociñar con el no monte. E por suposto todo no medio de moitos xogos e actividades deportivas. Coa axuda dos nosos monitores e monitoras falamos das aventuras que nos gustaría vivir e as imos preparando nós mesmos!

Quen somos nós? Os e as scouters e o Grupo Promotor “Promotores Escultimos Auriense” e seu proxecto “Agromando un grupo scout en Ourense”



O Grupo Promotor “Promotores escultismo auriense” é un conxunto de 5 persoas (Adrián, Carla, Juan, Bran e Xoel) que quixemos montar un grupo scout laico en Ourense e solicitamos unha subvención á Xunta de Galicia, que nos concedeu ao abeiro do programa “Iniciativa Xove”. Esta axuda permitiunos facer unha serie de actividades coas que atopar a outras persoas voluntarias que se quixeran sumar a esta iniciativa, constituír legalmente o grupo, e presentalo á sociedade ourensá.

Este campamento é o actividade final do proxecto, co que agardamos que moitas nenas e nenos coñezan como somos os scouts e queiran sumarse ao Grupo Scout ILEX que vimos de constituír recentemente que que comezará a súa andaina o sábado 24 de outubro. O grupo scout desenvolverá a súa actividade semanalmente todos os sábados pola mañá, de 10:30 a 13:00 h. no Espazo Xove da Casa da Xuventude de Ourense (rúa Celso Emilio Ferreiro 27, 5º piso) e seguirá desenvolvendo campamentos, de duración variable, ao longo de todo o ano.

Nos scouts todos e todas somos voluntarios e nunca percibimos remuneración polo noso traballo. Aínda que voluntarios, os e as scouters (como se lles chama aos monitores/as no escultismo) somos persoas con formación e experiencia no eido educativo (monitores/as e directores de tempo libre, educadores sociais, formadores...) e, a maioría, temos tamén experiencia como educandos/as e como monitores/as en diferentes grupos scouts. Para coñecernos mellor, pincha [aquí](#).

Para saber máis...

Visita a nosa web: <http://scoutsourense.org/>

Ou escribenos: gruposcoutilex@gmail.com